# O galego no ensino.
# O ensino en galego

## I Xornadas de debate e reflexión sobre a lingua no ensino

CIG-Ensino | Sábado 25 de xaneiro de 2020 | IES As Fontiñas | Santiago de Compostela

Nel Vidal Barral

# A situación actual no ensino

# Como a atopei e como a estou a ver…

# 48 horas falando galego nun instituto de máis de 600 alumnos castelanfalantes

O María Casares de Oleiros promoveu a iniciativa e os estudantes asinaron un contrato de compromiso co idioma e lamentaron que non llo falaran de nenos

M. Villar | 14.05.2019 | 21:30



Algúns dos estudantes do instituto María Casares que participaron na iniciativa de falar galego todo o tempo durante 48 horas. **Casteleiro/Roller Agencia**

No café unha nai está buscando no móbil que é o dengue porque na escola mandaron que as rapazas levasen posto un polo **Día das Letras Galegas**, pero no Google imaxes sae o mosquito que transmite a enfermidade. Outra nai dique á súa só lle mandaron levar un pano e outra, que ten que buscar unha desas gorras que se levaban antes na cabeza. Cae a alma aínda máis abaixo dos pés cando che contan que o **instituto María Casares de Oleiros** ten máis de 600 alumnos e ningún fala galego de forma habitual. É ábrese un pouco o día cando ves que máis de 200 destes adolescentes firmaron un contrato comprometéndose a falar galego durante 48 horas seguidas, onte e hoxe, no instituto, na casa, cos amigos, polo WhatsApp, no Facebook. É un comezo.

# 48 horas falando galego nun instituto de máis de 600 alumnos castelanfalantes

O María Casares de Oleiros promoveu a iniciativa e os estudantes asinaron un contrato de compromiso co idioma e lamentaron que non llo falaran de nenos

M. Villar | 14.05.2019 | 21:30



Algúns dos estudantes do Instituto María Casares que participaron na iniciativa de falar galego todo o tempo durante 48 horas. Casteleiro/Roller Agencia

No café unha nai está buscando no móbil que é o dengue porque na escola mandaron que as rapazas levasen posto un polo **Día das Letras Galegas**, pero no Google imaxes sae o mosquito que transmite a enfermidade. Outra nai dique á súa só lle mandaron levar un pano e outra, que ten que buscar unha desas gorras que se levaban antes na cabeza. Cae a alma aínda máis abaixo dos pés cando che contan que o instituto María Casares de Oleiros ten máis de 600 alumnos e ningún fala galego de forma habitual. E ábrese un pouco o día cando ves que máis de 200 destes adolescentes firmaron un contrato comprometéndose a falar galego durante 48 horas seguidas, onte e hoxe, no instituto, na casa, cos amigos, polo WhatsApp, no Facebook. É un comezo.

...ero na miña casa si o falan meus pais. Eles dixéronme que esta iniciativa lles ...petecíame facelo porque non escoito moito falar en galego. Esperemos que ...conta Uxía Abades, de 15 anos, que fai cuarto de ESO no María Casares e ... lingua, polo de agora por 48 horas, todo é empezar. Curiosamente, todos os ...que non lles falaron galego de nenos.

...in meus pais nin meus avós o falan, e todos quedaron abraiados cando me oíron pero gustoulles a idea. Eu penso que dende pequenos deberíannos falar en galego, para estar máis familiarizados, porque nos dan todo en castelán. Vou tentar falalo máis porque non me gustaría que se perdese", explica Andrea Villar, de 16 anos.

Entre as participantes no *#Desafío48* estivo Sabela Lage, *multicampiona* de judo, de 15 anos. "Eu nunca falo galego, ninguén da miña familia o fala, e a min gústame, e unha pena que non o falen. Gustaríame que de pequena me tiveran falado porque é un idioma moi bonito e gustaríame falalo con fluidez. Vou intentar practicalo. Xa mandei varios *whatsApps* en galego tamén, a todos lles parece moi boa idea", sinala Sabela.

"Cambiar o *chip* está sendo difícil, porque ademais a primeira hora tiñamos lingua castelá, sintaxe, e respondinlle á profesora en galego, e tamén en clase de inglés. A miña avoa emocionouse cando llo contei porque é moi defensora do galego e a miña nai tamén lle pareceu moi boa idea. Aquí non temos ningún compañeiro que fale galego. Eu creo que é un erro, debíamos empezar a falar galego de pequenos, na casa. Mandei audios falando galego polo WhatsApp a amigas de fóra e non entendían nada", relatou outra estudante, Paula Lemos.

# E como a ve **Uxía, Andrea, Sabela** e **Paula...**

“Se na casa falamos castelán, cos amigos falamos castelán..., pois se no instituto tampouco nos falan galego, nunca imos saber galego ben”

“É unha pena que non nos falen máis galego no ensino”

“Eu creo que na escola, desde pequeniñas, e despois no instituto, deberíannos falar máis galego, para así estar máis familiarizadas e que non nos custe tanto”

“A min cústame máis facer unha exposición oral en galego ca en inglés”

“Gustaríame falar galego con fluidez. E o ensino debería estar para iso”

# Unha pequena experiencia puntual: o Desafío 48 h

## Desafío 48 h

**Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega**
**IES María Casares de Oleiros**
**Curso 2018-2019**

Proxecto completo no web: [www.milprimaveras.gal](http://www.milprimaveras.gal)

# Algúns valores I

A importancia do proceso máis ca do resultado



# Algúns valores II

O desenvolvemento por parte do propio alumnado



# Algúns valores III

A importancia do contexto e da planificación



# Algúns valores IV

A reflexión e autoavaliación



# Algúns valores V

## Pequenos resultados, pero palpables



# Algunhas reflexións xerais sobre a normalización lingüística nos centros de ensino




O **obxectivo** de todo o que fagamos desde o ENDL ten que ser o **incremento do uso e do prestixio da lingua galega.**




Non debemos pensar en facer actividades, senón en **obxectivos.** En que queremos conseguir e, a partir de aí, deseñar **accións.**




Os ENDL, para cumpriren os seus obxectivos, **deben ser das rapazas e dos rapaces.**



Todo isto, é certo, sendo conscientes de que estamos a facelo como parche á situación xeral, á política lingüística da xunta, sen recursos, sen formación, sen orzamento e nun contexto moi, moi desfavorable.
[Facemos *Traballo de bombeir@*]




Todo isto, é certo, sendo conscientes de que estamos a facelo como parche á situación xeral, á política lingüística da xunta, sen recursos, sen formación, sen orzamento e nun contexto moi, moi desfavorable.
[Facemos *Traballo de bombeir@*]

E, desde as aulas, temos que ter en conta a importancia da credibilidade, da paixón polo que se fai e da capacidade de emocionar.